

SEGUNDO DE GRAO PROFESIONAL

PARTE I

PROBA DE VIOLONCHELO

Interpretaranse en todos os cursos tres obras, escollendo unha de cada un dos tres grupos propostos, sendo polo menos unha delas de memoria. É obrigado o acompañamento en todas as obras que así o precisen. Non poderán realizar as probas os alumnos que non presenten partituras orixinais. Nas probas de acceso, o tribunal resérvase o dereito de admitir ou rexeitar aquelas obras dun nivel inferior ao esixido. Así mesmo, nas obras divididas en varios movementos, quedará a discreción do tribunal a audición total ou parcial das mesmas.

Obras orientativas

- A) Tarantella de W.Squire
- B) Unha sonata a elección de entre as seis sonatas para violoncelo de B.Marcello
Unha sonata a elección de entre as seis sonatas para violoncelo de A.Vivaldi Sonata nº2 de B.Romberg
Primeiro movemento do concerto nº2 en re maior de J.B.Breval
Concertino na menor de J.Klengel
- C) Romanza sen palabras en re maior op.109 de F.Mendelssohn Siciliana de G.Fauré
"To the memory of my parents" op.64 nº1 de D.Popper

PARTE II

1.- PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental e do primeiro curso de Grao Profesional.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a dúas voces en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata tres alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares e irregulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª en compás regulares e irregulares con aplicación das equivalencias.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía, ata 5 alteracións.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

2.- PROBA DE ORQUESTRA/BANDA

1.- Interpretar dous solos ou fragmentos dos listados que aparecen a continuación, ou de similar dificultade. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade. Segun o curso ó que se desexe acceder, o alumnado presentará o repertorio dunha agrupación xuvenil ou sinfónica, elixindo entre Banda e Orquestra. É dicir, non ten que presentar o repertorio de dúas agrupacións, só de unha.

ACCESO DE 2º a 4º DO GRAO PROFESIONAL

BANDA (XUVENIL)

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS
F. Pérez Seara	Banda galega
A. Waignein	Festival suite
J. Ninjs	Concerto dinamico
J. V. Pérez Planells	Fina Planells
J. Horner	The mask of zorro

ORQUESTRA (XUVENIL)

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS
F. Schubert	Marcha militar
J. Strauss	Pizzicato polka
Sullivan	The pirates of penzance
R. Schumann	Celebre reverie
E. Elgar	Chanson de nuit
Gluck	Suite-ballet (óperas)
	12-Gavotte
Telemann	Musique de table
C. Brown	Rustic dances, nº 1 "Country dance"; Nº 4 "Gypsy dance"
P. I. Tchaikowsky	The nutcracker
F. Delius	Two aquareles

3.- PROBA DE CONXUNTO

As probas de acceso ós distintos cursos do CONXUNTO DE CORDA FREGADA consistirán en:

1.- Interpretar dúas obras axeitadas ó nivel do curso ó que se accede. Se interpretará só unha das partes e sen acompañantes, é dicir, a solo.

Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado. Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2. - Ler a primeira vista a solo un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade.

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS	INSTRUMENTACIÓN
B. Bartok	44 Dúos	2 violines
Mazas	Dúos	2 violines
Pleyel	Dúos	2 violines
W. A. Mozart	12 Dúos	2 violines
Telemann	Sonatas Canónicas	2 violines
Vivaldi	Concierto para 4 violines en Re M	4 violines
Vivaldi	Concierto para 4 violines en Si m	4 violines
Vivaldi	Concierto para 3 violines en Fa M	3 violines
Telemann	Concierto para 4 violines en Re m	4 violines
Telemann	Concierto para 4 violines en Do M	4 violines
Telemann	Concierto para 4 violines en Re M	4 violines
J. S. Bach	Concierto para 3 violines en Re M	3 violines
M. Clementi	Sonatina op. 36, nº 1 (Arr. E. Mateu). Ed. Real Musical	Violín e viola
W. A. Mozart	Dúos fáciles	Violín e viola
H. S. Whistler, H. A. Hummel	String Companions. Duet collection	Violín e viola
J. Offenbach	6 dúos, op. 49	2 violoncellos; Violoncello e contrabaixo
Kummer	4 dúos, op. 103. Ed. Amadeus	2 violoncellos; Violoncello e contrabaixo
F. Zimmermann	24 duets for two basses. Nº 1, 2, 3, 4. Ed. IMC	2 violoncellos; Violoncello e contrabaixo
	Canons, catches and rounds for 3 and 4 basses and cellos	2 violoncellos; Violoncello e

contrabaixo

